



Expediente nº 4535/2016

Sesión Ordinaria celebrada polo Pleno do Concello

o día 04 de xullo de 2016

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinaria núm. 7/2016 do 24/05/2016 e extraordinaria núm. 8/2016 do 30/05/2016
2. Dar conta do expediente de modificación de crédito 08/2016.GC03/2016
3. Aprobación dun recoñecemento extraxudicial por importe de 57.640,79 €
4. Aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto de Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.
5. Aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal da taxa do lixo.
6. Proposta de Contratación do Servizo de Limpeza de Edifícios, Dependencias e Espazos Municipais do Concello de Redondela.
7. Actividades de control do pleno
 - 7.1 Dar conta das resolucións de alcaldía
 - 7.2 Solicitudes de comparecencia
 - 7.3 Mocións
 - 7.4 Rogos e preguntas

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía de data 29 de xuño, e sendo as vinte horas do 04 de xullo de 2016 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Francisco Javier Alonso González, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Leticia González Guisande, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laíño Ferreira, Jorge Varela Couñago, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintáns Costoya

Tamén asistiu o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera, actuando como secretaria, a secretaria xeral da corporación, Ana Begoña Merino Gil .

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS:

O concelleiro Alonso González incorporouse á sesión no debate do punto 3º dos da orde do día. A concelleira Quintáns Costoya ausentouse da sesión tralo receso, unha vez retirado o punto 6º dos da orde do día.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

Sendo as 21,50 horas o Alcalde fixo un receso para descanso na sesión que reanudouse pasados 15 minutos.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinaria núm. 7/2016 do 24/05/2016 e extraordinaria núm. 8/2016 do 30/05/2016

Dáse conta do borrador da sesión plenaria de carácter ordinario número 7/2016 de data 24/05/2016 e do borrador da sesión extraordinaria número 8/2016 do 30/05/2016

Sometidas a votación os mencionados borradores, apróbanse nos seus propios termos por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes.

2. Dar conta dos expedientes de modificación de créditos 08/2016.GC03/2016

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 08/2016.GC 03/2016 por un importe total de 120.870,22 €, aprobado por Resolución de Alcaldía de data 03/06/2016.

O Pleno do Concello queda informado.

3. Aprobación dun recoñecemento extraxudicial por importe de 57.640,79 €

ANTECEDENTES:

Ditame da comisión informativa de economía e facenda na súa sesión do día 28.06.2016 que di:

"Vista a Proposta da Presidencia , de data 23 de xuño de 2016, que transcrita di:
Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitíu o preceptivo informe de carácter negativo de data 23 de xuño de 2016, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Vendo que tal como establece o informe do Interventor, que os gastos correspondentes a anos anteriores foron facturados en anos posteriores foi como consecuencia do retraso na facturación ou na entrega da documentación dos terceiros. Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 57.640,79 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2016:



Terceiro	Data da Factura	Nº de factura	euros	Partida Orzamentaria
Mape asesores, S.A.	30/11/2015	F154.005.192	480,36 €	1351B.22699
Canteria Carna, S.L.	25/05/2016	8	4.164,15 €	1531A.60900
Civis Global, S.L.U.	15/06/2016	16-111	44.886,22 €	1531A.60900
Autos Brea, S.L.	30/11/2015	G 152372	726,00 €	2411A.20400
Viguesa de Limpiezas ALMI, S.L.	17/02/2016	FC142	2.999,80 €	3231A.22710
Viguesa de Limpiezas ALMI, S.L.	17/02/2016	FC141	618,35 €	3231A.22710
Viguesa de Limpiezas ALMI, S.L.	17/02/2016	FC140	479,16 €	3231A.22710
Romixer S.L.	09/03/2016	1 000022	968,00 €	3341A.20800
Sociedade Xeral de Autores e Editores - SGAE	29/09/2015	0027255914	0,83 €	3341A.20900
Sociedade Xeral de Autores e Editores - SGAE	29/09/2015	0027255911	2,21 €	3341A.20900
Sociedade Xeral de Autores e Editores - SGAE	29/09/2015	0027255912	0,94 €	3341A.20900
Sociedade Xeral de Autores e Editores - SGAE	29/09/2015	0027255913	0,48 €	3341A.20900
Sociedade Xeral de Autores e Editores - SGAE	29/09/2015	0027255910	1,38 €	3341A.20900
Sociedade Xeral de Autores e Editores - SGAE	23/12/2015	0027411627	2,55 €	3341A.20900
Sociedade Xeral de Autores e Editores - SGAE	23/12/2015	0027411626	2,04 €	3341A.20900
Sociedade Xeral de Autores e Editores - SGAE	23/12/2015	0027411625	1,54 €	3341A.20900
Sociedade Xeral de Autores e Editores - SGAE	23/12/2015	0027411628	2,46 €	3341A.20900
Sociedade Xeral de Autores e Editores - SGAE	25/01/2016	0027526835	0,54 €	3341A.20900
Sociedade Xeral de Autores e Editores - SGAE	25/01/2016	0027526834	8,88 €	3341A.20900
DAMA, Derechos de autor de	22/03/2016	FCN16-00268	0,90 €	3341A.20900

Concello de Redondela



medios audiovisuales

Asoc. Musical Rondalla de Redondela	05/05/2016	8	200,00 €	3341A.22609
Asoc. Musical Rondalla de Redondela	05/05/2016	9	200,00 €	3341A.22609
Asoc. Musical Rondalla de Redondela	05/05/2016	10	200,00 €	3341A.22609
Radio Vigo, S.A.U.	13/04/2016	001C---16000013	605,00 €	3381A.22602
Uniprex, S.A.U.	30/04/2016	21640000555	1.089,00 €	3381A.22602
			57.640,79 €	

Votacións e dictame.-

A comisión informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a favor do PP ,e as abstencións do PSG- PSOE e AER , estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta."

INTERVENCIÓNS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que vanse a abster por considerar que non se pode aplicar unha excepción da lei como algo habitual. Estima que o diñeiro que se vai pagar suporá a minoración doutras partidas previstas no orzamento e non están de acordo con isto.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que cuestionan estes recoñecementos xa que aínda que non son ilegais convirten en norma as excepcións, incluso hai facturas que son do anterior mandato e estima que aparte de que o Concello poida ter as mans atadas tamén pode presionar ás empresas para que presenten en tempo e forma as facturas. Apoian a proposta porque consideran que hai que pagar as facturas.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO sinala que cando quiso repasar os expedientes de recoñecemento extraxudicial traídos ao pleno nos últimos seis meses, atopou que non tiña acceso aos expedientes a través da plataforma de expedientes. Dí que se levan en este tipo de expedientes casi douscentos mil euros e que o PP criticaba antes estes expedientes e agora propoñen a súa aprobación.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que como a concelleira non adscrita e o voceiro do BNG non asisten ás comisións non se enteran do que pasa. Sinala que todas as facturas foron emitidas tarde polos provedores e por este feito non procede deixar de pagalas. Tamén dí que isto non conleva que queden cousas sen atender por pagar estas facturas e que isto é moi diferente ao feito de deixar facturas no caixón.

A concelleira QUINTANS COSTOYA insiste novamente en que están utilizando algo excepcional como habitual.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que hai algunha factura que prantexa dúbidas pero hai que pagalas e ao mellor habería que especificar ben en qué consiste en cada caso o servizo prestado e saber por qué hai facturas de hai un ano.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que somentes pide á concelleira non adscrita que mire o expediente e as facturas que non teñen ningún contido político. Considera que non é cuestión de andar detrás dos provedores para que presenten as súas facturas e que se os servizos se prestaron hai que pagalos.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o recoñecemento extraxudicial de crédito segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo 20 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG) e unha abstención da concelleira non adscrita.

4. Aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto de Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

ANTECEDENTES:

Ditame da comisión informativa de economía e facenda na súa sesión do día 28.06.2016 que di:

“Vista a Proposta da Presidencia , de data 23 de xuño de 2016, que transcrita di:

“Asunto: expediente de aprobación de modificación da ordenanza fiscal do Imposto de Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

Unha das manifestacións máis democráticas existentes nas leis que nós outorgamos é a de que as prestacións patrimoniais que deban ser soportadas polos cidadáns para o financiamento das súas Administracións Públicas sexan aceptadas, aprobadas e reguladas por nós mesmos, a través dos nosos representantes.

A súa vez, as Administracións Públicas teñen como única finalidade a satisfacción do interese xeral. O cumprimento desta satisfacción realízase, principalmente, e entre outras medidas, a través da prestación de servizos. A partir deste punto, para a prestación de servizos, o Concello debe contar con recursos para poder afronta-la prestación destes servizos.

Neste caso trátase de adaptar á Ordenanza a situación económica da poboación. Polo que se propón a modificación do tipo impositivo, existindo un para cada un dos períodos de xeración do incremento de valor.

PERÍODO 1 A 5 ANOS 28%
PERÍODO ATA 10 ANOS 25%
PERÍODO ATA 15 ANOS 19%
PERÍODO ATA 20 ANOS 15%

Así mesmo, tamén se procede a adaptar a ordenanza fiscal á lexislación vixente, desaparecendo o número dous do artigo sexto e debendo aparecer unha nova exención como letra c) no artigo cuarto.

E estas son as motivacións que levan a propor a esta Comisión Informativa de Economía e Facenda:

PRIMEIRO.- A aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana

SEGUNDO.- Faculta-lo Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.

TERCEIRO.- Autoriza-los Servizos correspondentes, para unha vez, de ser o caso,

Concello de Redondela



aprobada definitivamente esta modificación proposta, se proceda á apertura do correspondente arquivo da ordenanza para as posteriores refundicións por modificacións parciais da mesma.

Votacións e dictame.-

A comisión informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a favor do PP ,e as abstencións do PSG- PSOE, e AER, estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta.”

INTERVENCIÓNS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA pregunta se, de acordo co informe do Interventor, hai un plan económico financeiro e bota de menos un estudio sobre a revisión catastral. Propón constituir unha mesa de traballo para o estudio deste tipo de cuestións.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o Partido Popular se meteu nun marrón cando hai tres anos subiu a plusvalía ao máximo xa que nalgúns casos hai xente que paga cantidades desorbitadas e agora, para vender que van a baixar os impostos, dálles por traer esta proposta. Indica que nos últimos anos houbo moitos ingresos por esta cuestión e dí que o BNG non vai a participar en ningunha mesa de traballo e non está de acordo coa composición das comisións informativas. Sinala que este imposto grava a moitos veciños que teñen que pagar uns prezos moi elevados por calquer transmisión e considera que a revisión debe ser máis importante e que a boa xestión non é só recadar senón gastar axeitadamente. Non lle parece que a redución que trae o PP ao pleno sexa tal. Pide que se deixe enriba da mesa e se estudie a posibilidade de baixar máis.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que hai algo máis de tres anos eles propuxeron valorar a cuestión dos impostos e taxas municipais a ver se procedía subilos ou baixalos. Considera que non se produciu un estudio global do tema. Refírese a un estudio publicado para toda Galicia no que Redondela estaba no sexto posto en canto a poboación e no 21 en canto a esforzo fiscal. Pregunta que de onde se vai a deixar de gastar con esta diminución de ingresos igual que fixeron cando se prantexou unha posible baixada do IBI. Estiman necesario estudar dabondo os ingresos e a repercusión global de propostas como esta. Piden a retirada do asunto.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que en contra do afirmado polo Alcalde na prensa eles fixeron aportacións e se membros do goberno asistiran á mesa de impostos o saberían. Pide tamén que o asunto se retire da orde do día e indica que se non se fai votarán en contra. Estima que pode pedirse unha revisión catastral xa que a vixente se corresponde cun intre no que os valores eran moi elevados, e pon como exemplo ao concello de Pontearreas. Refírese tamén a outras moitas propostas en relación a este tema xa que este imposto baséase no valor catastral, igual que o IBI.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a señora Quintáns fala de oídas e considera que está de broma cando propón facer outra comisión cando levan desde setembro reuníndose para tratar este tema. Indica que o interventor non dí que haxa que facer xa un plan de viabilidade senón que hai que ter en conta o que pode supor o acordo en canto ao detrimento dos ingresos. Indica que xa fixeron o esforzo de establecer moitas bonificacións con respecto á vivenda habitual baixando o que o BNG e o PSOE aprobaran poñéndoo ao máximo. Dí que o representante do BNG non ven ás comisións e non fai ningunha proposta, xa que non traballa, e así lles va nos



resultados electorais. Non entende que se fale de revisión catastral cando aínda están sufrindo a última que fixo o goberno bipartito, que supuxo unha suba importante. Considera que non teñen xustificación para ir en contra desta proposta e que o señor González Iglesias foi o peor concelleiro de Facenda porque subiu os impostos en varias ocasións.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que aínda que non vaia ás comisións a voceira do PP non sabe por qué non vai e ela trata de informarse do que se trata nas mesmas. Pide unha comisión para que se poida estudar o tema e facer aportacións.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que unha concelleira que adica só tres horas semanais a atender aos veciños polos servizos sociais e outras tantas polo urbanismo pero cobra vintetrés mil euros non lle vai a reprochar que non vaia ás comisións. Considera que non sirven para nada. Por outra banda, estima que o PP se ve presionado para baixar os impostos.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que o goberno bipartito aprobou a revisión no peor momento pero o principal responsable da burbulla inmobiliaria foi o PP. Sinala que na comisión o PP non aceptou que se fixera ningunha aportación. Insiste en propor que se estudie globalmente o tema.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que efectivamente o PP non aceptou propostas na comisión. Dí que levan recadados máis de un millón de euros coa plusvalía e que o IBI o subiron. Tamén indica que as eleccións que deben importar aquí son as que houbo hai un ano en Redondela.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o PSOE non ten credibilidade porque a realidade é que sube os impostos, como así fixeron co IBI. Considera que agora é o momento de aplicar a rebaixa. Dí que a oposición non fixo as súas aportacións por escrito e en serio e só insistiron na revisión catastral que pode ter o efecto contrario. Non pode estimar o que repercutiría para as arcas municipais e dille ao señor Figueroa que despois tratarán de axustar as contas como o fixeron ata o de agora.

O Alcalde aclara que o PP non subiu os impostos. Dí que a comisión que se formou non é reglada e él non ten por qué asistir e que non coñece a proposta da oposición namentras que a súa é moi concreta. Considera que se podería votar esta proposta e logo seguir estudiando o resto das cuestións.

VOTACIÓN E ACORDO SOBRE RETIRADA DO ASUNTO:

Sometida a votación a retirada do asunto da orde do día a mesma é aprobada por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo 12 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 votos en contra (9 do PP).

5. Aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal da taxa do lixo.

ANTECEDENTES:

Ditame da comisión informativa de economía e facenda na súa sesión do día 28.06.2016 que di:

"Vista a Proposta da Presidencia , de data 23 de xuño de 2016, que transcrita di:

Asunto: Expediente de aprobación de modificación da ordenanza fiscal reguladora da

Concello de Redondela



taxa por recollida de lixo no Concello de Redondela.

Unha das manifestacións máis democráticas existentes nas leis que nós outorgamos é a de que as prestacións patrimoniais que deban ser soportadas polos cidadáns para o financiamento das súas Administracións Públicas sexan aceptadas, aprobadas e reguladas por nós mesmos, a través dos nosos representantes.

Á súa vez, as Administracións Públicas teñen como única finalidade a satisfacción do interese xeral. O cumprimento desta satisfacción realízase, principalmente, e entre outras medidas, a través da prestación de servizos. A partir deste punto, para a prestación de servizos, o concello debe contar con recursos para poder afronta-la prestación destes servizos.

Neste caso trátase de modificar a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por por recollida de lixo para adaptar o seu texto á realidade deste servizo no Concello de Redondela, dado que tras a implantación no termo municipal da recollida domiciliaria universal dos residuos sólidos urbanos, articulada mediante contrato administrativo de concesión asinado o 13 de abril 2007, non se produciu a necesaria adaptación do texto fiscal.

Así se propoñen as seguintes modificacións:

-Redacción máis clara e adaptada ao servizo das cotas contempladas nos puntos 1.1.1 e 1.1.2 do Anexo segundo o seguinte:

"1.1. Vivendas

1.1.1. Cota normal (zona A): 71,00 euros/ano

1.1.2. Cota reducida (zona B): 35,00 euros/ano"

- A derogación dos apartados que na actualidade non teñen aplicación práctica:

"1.2.4. A cuota para tódalas vivendas ou establecementos (non incluídos nos dous apartados anteriores) situados a máis de 100 metros das zonas de recollida, será de 36,50 euros/ano.

1.2.5. O importe da taxa poderase prorratear e liquidar por anos naturais, por trimestres naturais, ou por unha combinación de ambas posibilidades."

No suposto do apartado 1.2.4. se propón a súa derogación dado que non existen zonas no Concello de Redondela sen recollida de lixo, polo que non poden existir vivendas situadas a máis de 100 metros das citadas zonas.

No suposto do apartado 1.2.5., e dado que a xestión da ordenanza se realiza dun modo unificado ca do Imposto sobre Bens Inmóveis, se considera suxeito pasivo o titular a 1 de xaneiro de cada ano.

E estas son as motivacións que levan a propor a esta Comisión Informativa de Economía e Facenda:

PRIMEIRO.- A aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo no Concello de Redondela, para adecuala a realidade do servizo do Concello.

SEGUNDO.- Faculta-lo Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.

TERCEIRO.- Autoriza-los Servizos correspondentes, para unha vez, de ser o caso, aprobada definitivamente esta modificación proposta, se proceda á apertura do correspondente arquivo da ordenanza para as posteriores refundicións por modificacións parciais da mesma.

Votacións e dictame.-

A comisión informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a favor do PP ,e as abstencións do PSG- PSOE e AER, estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta."

INTERVENCIÓNS

Concello de Redondela



A concelleira QUINTANS COSTOYA pregunta por cómo vai a quedar a redacción modificada dalgúns dos puntos.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a proposta é por unha reclamación que fixo un grupo de veciños porque o goberno no seu afán recadatorio pretende recadar unha taxa facendo desaparecer a causa pola que eses veciños ganaron no xulgado. Estima que teñen dereito á taxa reducida por estar a máis de cen metros e considera que non procede a modificación.

O concelleiro CRESPO ABAL di que este problema ven polas reclamacións presentadas e non lles parece de recibo que teña que sair unha sentenza para facer a modificación cando os técnicos do concello dicían xa hai tempo que había que cambiala. Piden que quede sobre a mesa para estudar máis o tema xa que tampouco están de acordo con toda a sentenza. Insiste en que hai que estudar globalmente todas as taxas e impostos tal e como dixeron noutro punto da orde do día.

O Alcalde sinala que é unha taxa non un imposto e pregunta a qué técnicos do concello se refieren. Tamén dí que se trata dunha aprobación inicial.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que a pesares da sentenza a día de hoxe seguen a denegar taxas reducidas polo que pregúntase se queren obrigar aos veciños a que volvan a recurrir. Considera que hai un afán recadatorio. Tamén dí que como a recollida non é diaria, xa que non hai os fins de semana seguindo a lóxica do xuíz todos terían dereito á taxa reducida.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que estes veciños que exerceron o seu dereito presentaron antes as súas reclamacións no Concello e as mesmas foron informadas por técnicos do concello que son os que agora aconsellan a modificación da ordenanza porque senón terán que seguir dicindo aos veciños que teñen que reclamar para que se lles dea a razón. Indica que poden facer as suxestións que queiran no prazo de alegacións e non teñen problema en estudar calquer proposta que fagan ao efecto.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que é unha perda de dereitos para a cidadanía xa que se incrementa a súa cota reducida. Van a votar en contra.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que este punto viña de antes para que a xente que tiña que desprazarse tivera unha taxa reducida. Non quere que se elimine.

O Interventor indica que os puntos a modificar non se refiren aos cen metros senón ao feito de que antes había zonas nas que non se recollía o lixo e estiveran a esa distancia, pero isto carece de sentido unha vez que en todo o concello se recolle o lixo.

O concelleiro CRESPO ABAL di que habería que definir o que é recollida diaria, en función da sentencia polo que na ordenanza se debe fiar fino para non ter máis problemas xudiciais.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que non entende por qué non se pode aplicar a ordenanza segundo o que di na sentenza, o que non coincide co que di o interventor.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a problemática ven de que teñen que arranxar cousas que outros fixeron mal entre outras cousas que houbera sitios onde nunca se



recollía o lixo. Parécelle unha irresponsabilidade deixar o tema sobre a mesa xa que namentras non se modifique a ordenanza non hai nada que facer e non se pode cambiar o criterio á hora de resolver as reclamacións dos cidadáns.

O Alcalde sinala que na comisión non se fixo ningunha pregunta ou aportación e por iso propoñen que se aprobe inicialmente e despois se fagan as alegacións que estimen pertinentes. Caso contrario se retira pero se perde un mes.

VOTACIÓN E ACORDO SOBRE RETIRADA DO ASUNTO:

Sometida a votación a retirada do asunto da orde do día a mesma é aprobada por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo 12 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 votos en contra (9 do PP).

6. Proposta de Contratación do servizo de limpeza de edificios, dependencias e espazos municipais do Concello De Redondela.

ANTECEDENTES:

Ditame da comisión informativa de interior na súa sesión do día 27.06.2016 que di:

"O presidente dá conta da proposta de data 23.06.2016 que textualmente di:

"Incoado o expediente para a contratación do Servizo de limpeza en edificios, dependencias e espazos municipais do Concello de Redondela, cun valor estimado que ascende a 4.351.185,48 euros, IVE incluído (3.596.021,04 euros máis o IVE por importe de 755.164,44 euros), e cun orzamento máximo para o primeiro ano de 598.181,82 euros, máis o IVE, o que fai un total de 723.800,00, a licitar polo trámite ordinario e procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, previsto na Sección 2 do Capítulo1, Título I, Libro III do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), procedemento que se elixe por ser o procedemento ordinario e en función de que toda persoa interesada poida presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, e sen prexuízo do dereito da administración de declarar deserto o procedemento nos termos previstos no artigo 155 do TRLCSP.

Redactados os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e emitido pola Intervención municipal, con data do 22 de xuño de 2016, certificación na que se acredita a existencia de crédito axeitado e suficiente para o ano 2016 na aplicación 3231A/22700 do estado de gastos do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2016.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral do Concello de data 23 de xuño de 2016.

Lido o infome emitido polo interventor municipal con referencia ASR-23.06.16.3 de data 23 de xuño de 2016, que consta de oito páxinas con antecedentes, lexislación aplicable, vinte e unha consideracións e conclusións.

Xa que logo, PROPOÑO ao Pleno do Concello, previo ditame da comisión informativa, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobación do aumento a seis anualidades, no seu caso, do prazo de execución do contrato.

Segundo.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

Terceiro.- Aprobar o expediente de contratación e aprobar o gasto correspondente ao ano 2016 con cargo ao crédito existente na aplicación 3231A/22700 do estado de



gastos do orzamento deste Concello para o ano 2016, comprometéndose a consignar crédito axeitado e suficiente para cada exercicio na partida correspondente dos orzamentos aos que se estenda o período contractual.

Cuarto.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación polo trámite ordinario e procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, previsto na Sección 2 do Capítulo 1, Título I, Libro III do TRLCSP, por ser o procedemento ordinario e en función de que toda persoa interesada poida presentar unha proposición, para a contratación do Servizo de limpeza en edificios, dependencias e espazos municipais do Concello de Redondela, de acordo cos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que se aproban, e que se consideran, ambos, parte integrante do contrato, fixando o valor estimado da licitación en 4.351.185,48 euros, IVE incluído (3.596.021,04 máis o IVE por importe de 755.164,44 euros), e cun orzamento máximo anual de 599.336,84 euros, máis IVE (total 725.197,58 euros).

Quinto.- Segundo se dispón no artigo 142 do TRLCSP, insertar anuncios no Diario da Unión Europea (DOUE), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), no Diario Oficial de Galicia (DOG), no Boletín Oficial do Estado (BOE) e no perfil do contratante da páxina web do Concello Redondela, establecendo para presentar proposicións un prazo de 47 días naturais a contar dende o envío do correspondente anuncio de licitación ao DOUE."

Votación e ditame:

A Comisión Informativa de Interior en votación ordinaria e por maioría dos señores asistentes, acorda informar favorablemente a proposta transcrita, cos votos favorables do Sr. González Barbeiro e da Sra. París Blanco, do grupo municipal do PP, e coa abstención da Sra. Quintáns Costoya."

INTERVENCIÓNS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que non está de acordo coa proposta porque é o tipo de contratos que poden xestionarse directamente polo Concello aínda que as leis aprobadas en Madrid polo PP o impiden. Estima que debería ter un prazo menor de contratación e propón que nos criterios de valoración se inclúan cláusulas de carácter social de xeito que poideran traballar persoas con algún tipo de discapacidade e que os traballadores sexan fixos con xornada continuada. Considera que o texto debe ser mellorado.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que é recorrente que lle dean a documentación que ven ao pleno tarde e neste caso llela deron ao mediodía do día 23 e a comisión era o luns 27. Considera que poderían facer aportacións e apostan pola remunicipalización de servizos, e tamén estiman que podería contratarse o servizo por menos prazo.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO pide que se retire este punto da orde do día. Indica que unha compañeira quixo asistir á comisión, aínda que se retrasaba un pouco, e aínda que llelo dixo á secretaria da comisión, ésta se celebrou sen ela. Refírese ás declaracións da señora Amoedo na prensa dicindo que a documentación llela dan a tempo e sinala que en ditas declaracións hai ata cinco mentiras. Consideran que teñen falla de previsión e as presas non son boas.

A concelleira AMOEDO DASILVA intervén por alusións negando que houbera mentiras, dicindo que o regulamento orgánico dí que as comisións se convocan con 24 horas de antelación e que se cumpren escrupulosamente os prazos .



A concelleira PARIS BLANCO di que se saben quen fixo este contrato, e sorpréndelle que o fixeran eles hai anos e parecían ben e agora non. Dí que os servizos non os externalizaron eles cando si podían contratar personal. Dí que o contrato é complexo e facer o prego foi complicado e é importante sacalo hoxe porque ten unha harmonización europea. Dí que non é certo o que dí sobre a asistencia da señora Rivas á comisión xa que a secretaria da mesma dixo que a concelleira socialista só lle preguntara a qué hora era a comisión e foi convocada en prazo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o documento é improvisado e a proba é que non tiña partida orzamentaria para o que excede do prezo previsto. Admite que é certo que o BNG participou de gobernos que privatizaron servizos pero entón cabía a posibilidade de remunicipalizalos e agora non.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que aumenta a contía do servizo pero ao mesmo tempo se trata de reducir os ingresos. Insiste en que non lle deron tempo de facer aportacións. Dí tamén que coas declaracións da prensa, a voceira do PP minte.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que non minte e que se non están de acordo cos tempos que marca o regulamento poden propor que se modifiquen.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que tal e como se convocou con fin de semana polo medio, non era posible contactar cos servizos técnicos para resolver dúbidas. Non entende por qué nos orzamentos non se contemplou a suba do contrato e por qué se meten temas como o das podas que deben asumir os propios servizos do concello.

A concelleira PARIS BLANCO di que vaise perder un mes de prazo e que o prego foi elaborado polos servizos do Concello así como se fixa ou o prezo de saída do contrato. Indica que a comisión foi as dúas da tarde e tiveron tempo de ver o prego e facer aportacións.

VOTACIÓN E ACORDO SOBRE RETIRADA DO ASUNTO:

Sometida a votación a retirada do asunto da orde do día a mesma é aprobada por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo 12 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 votos en contra (9 do PP).

7. Actividades de control do pleno

7.1 Dar conta das resolucións de alcaldía

O Pleno queda enterado a través do acceso ao Libro de Resolucións da plataforma Gestiona.

7.2 Solicitudes de comparecencia

Non hai solicitudes de comparecencia nesta sesión do Pleno.

7.3 Mocións

7.3.1. Moción do PS de G-PSOE sobre servizos de emerxencias.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE do día 19/05/2016 con número 6944 que se transcribe a continuación:

Concello de Redondela



“Dende hai tempo, víronse detectando distintas situacións de emerxencia nas que o Servizo de Emerxencias do 112, ao activar os seus protocolos, non avisaba aos servizos de bombeiros máis próximo á localización física da emerxencia.

As queixas dos cidadáns e cidadás amosan situacións incomprensibles nas que, estando máis próximo o servizo de bombeiros dunha localidade, non se daba aviso a este da situación de emerxencia co consecuente atraso na actuación.

Poderíase citar unha ampla relación destas situacións nas que máis aló duns protocolos establecidos no seu momento chocaban contra toda lóxica e sentido común.

Lamentablemente tivemos que chegar á situación que se produciu o pasado 9 de Maio, no incendio da factoría da Empresa FANDICOSTA, no termo municipal de Moaña para comprobar que os protocolos non se axustan á realidade, non dan resposta ás necesidades en casos de emerxencias importantes como foi a de FANDICOSTA e que a aplicación dos mesmos desde o 112 debe ser investigada pola súa negativa expresa, trasladada aos responsables de quenda do Servizo de Bombeiros de Vigo no día do incendio, a que se trasladasen para actuar no incendio.

Calquera cidadán ou cidadá contestaría afirmativamente a que o lóxico sería que os primeiros en ser requiridos ante este incendio, que se demostrou moi importante en cuestión de poucos minutos, fosen os Bombeiros de Vigo con independencia de activar os protocolos e requirir a actuación do resto de servizos de emerxencia.

Pero é que a maiores poderíanse citar decenas de exemplos nos termos municipais de Moaña, Vilaboa, Mos, Gondomar e Nigrán nos que un rápido aviso aos servizos de emerxencia de Vigo permitise unha actuación rápida e eficaz en relación coa seguridade das persoas e os bens materiais. E especialmente, na nosa vila dado que o Parque Central de Bombeiros de Teis practicamente atópase lindeiro con vivendas e empresas do Concello de Redondela.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal o seguinte

ACORDO:

1. Que se inste á Xunta de Galicia a revisar os protocolos de actuación do servizo do 112 nos municipios da área Metropolitana de Vigo para un maior aproveitamento dos medios humanos e materiais no eido de emerxencias, coa finalidade dun maior beneficio de todos os cidadáns e cidadás.”

Engadese o seguinte punto 2:

“2.-Instar ao Concello de Redondela a realizar protocolos de actuación internos entre a policía local e o servizo de Emerxencias Municipais de Redondela para actuar coordinadamente ambos servizos en situación de Emerxencias.”

INTERVENCIÓNS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a situación foi moi grave e os concellos que máis sufriron as consecuencias foron os do fondo da ría. Sinala que se puxo en evidencia a realidade da existencia de moitas carencias nos servizos de emerxencias que actuaron descoordinadamente e unha hora despois somentes había tres camións intentando apagar o lume. Dí que se volve a darse outro sinistro a resposta vai ser tamén improvisada. Están de acordo coa primeira proposta socialista. Con respecto á segunda pensa que choca coa situación precaria do servizo de emerxencias de Redondela.

O concelleiro CRESPO ABAL di que apoian a moción.



O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que a moción é oportunista e erra totalmente na parte expositiva. Indica que teñen a experiencia de que cando reclaman a presenza dos bombeiros de Vigo, non veñen porque non teñen a obriga de vir. Sinala que o 112 ten que cumprir coa legalidade e foi o que fixo. Lembra que a oposición votou en contra dos GES porque dixeron que era unha proposta electoralista.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que o señor González leva cinco anos como concelleiro de Interior. Sinala que o 112 non recorre aos bombeiros de Vigo por sistema, tampouco cando se dan situacións de emerxencia en sitios próximos, como Chapela. Dí que o PP nega a realidade xa que o tema se resolveu grazas a que o concello de Vigo autorizou a saída dos bombeiros a pesar de que o 112 llelo negaba. Insiste en que os bombeiros interviñan cando eran requeridos pero o concelleiro de Interior non o fai.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o PP resolve en contra da cidadanía e no seu día non deron continuidade ao Grumir e a oposición non quixo despois meter a xente nunha situación laboralmente complicada.

O concelleiro CRESPO ABAL di que votaron en contra dos GES por responsabilidade xa que entre outras cousas estaba informado negativamente. Tamén dí que miraron de facer un convenio cos bombeiros de Vigo e non quixeron falar do asunto. Indica que eles miran só os intereses de Redondela e insiste en que en todas as comisións aportan cousas.

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que herdaron unha situación podrida con respecto ao Grumir. Pensa que á señora Rivas non lle gusta a realidade e as chamadas ao 112 están ahí para acreditarlo e hai unha normativa que cumprir que indica que deben asistir os bombeiros comarcales. Antes os bombeiros viñan pero se perdeu a oportunidade de ser cabecera de comarca do GES. Propón que no acordo se inclua unha matización: namentras a area metropolitana resolva este asunto con carácter definitivo.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que houbo un incidente con desaloxo dos nenos no colexio de Quintela e assistiu un único efectivo de emerxencias e non se avisou a Vigo. Non sabe qué previsión hai con respecto aos incendios forestais. Refírese tamén a varios incendios...etc. Dí que a moción votárase nos seus propios terminos, sen matizacións.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción, coa inclusión do punto 2 anteriormente redactado, é aprobada por unanimidade dos concelleiros/as presentes. (9 do PP, 6 do PsdeG-PSOE, 4 de AER e 1 do BNG).

7.4 Rogos e preguntas

- **Pregunta PSOE, rexistro entrada 01.07.2016 – 2016-E-RC-9945 sobre a falta de sinalización con carteles na praia de Arealonga**, que se transcribe a continuación:

PREGUNTA:

“A Comunidade Europea publicou os controis de calidade e recomendacións de baño para as praias, uns controis que segundo o concelleiro de medio



Ambiente pódense comparar cos controis de alcoholemia, e que segundo este son demasiado esixentes. Estes controis catalogaron a calidade da auga da praia de Arealonga de non apta para o baño, pero a pesar disto, a praia carece de sinalización que amose os perigos de bañarse e os usuarios e usuarias seguen a utilizala por mor da falta de información.

PREGUNTAS:

1. Por que o Concello de Redondela non sinalizou con cartaces a praia de Arealonga cando esta non pasaba os controis de calidade e recomendacións de baño?”

RESPOSTA: O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que non é certo. Indica que hai unha caseta de protección civil e alí había un cartel informativo non recomendando o baño. Dí que o problema de Arealonga ven de moitos anos atrás. O problema xurdiu o 19 de maio, cando non era tempada de baño e dí que os carteis os arrancan. Volveu a pasar o 16 de xuño e se acordonou a zona e se informou á xente. Pide respecto para a hostalería de Chapela xa que non se pode dicir nas redes que Chapela é Palomares.

- **Pregunta PSOE, rexistro entrada 01.07.2016 – 2016-E-RC-9946 sobre as actividades na illa de San Simón** , que se transcribe a continuación:

PREGUNTA:

“Concellos de Galicia como Soutomaior ou Culleredo veñen de presentar as súas actividades de verán para a xuventude. Estes concellos van a realizar entre outras actividades, campamentos de verán na illa de San Simón.

PREGUNTAS:

1. Que actividades vai realizar este concello para a xuventude na illa de San Simón? Cando van realizarse ditas actividades?”

RESPOSTA: O concelleiro MOUGAN VAZQUEZ di que se viñan organizando os campamentos na illa pero fíxose a licitación e quedou deserta dúas veces. Están manexando diferentes proxectos.

- **Pregunta PSOE, rexistro entrada 01.07.2016 – 2016-E-RC-9947 sobre os castiñeiros no paseo de Cardona**, que se transcribe a continuación:

PREGUNTA:

“O paseo de Cardona dispón de varias árbores nas súas zonas verdes, entre estas árbores atópanse varios castiñeiros. Dende hai un tempo están a aparecer furados nos troncos dos castiñeiros, e trala aparición destes as árbores comezan a secar.

PREGUNTAS:

1. Sabe o goberno desta situación? Tomáronse medidas para evitar a seca destes árbores e atopar a causa deste problema? De ser así, cales foron as medidas tomadas?”

RESPOSTA: O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que saben estas actuacións e tiveron que tomar medidas xa hai tempo. Aínda que se extreme a vixilancia suceden cosas coma esta.

- **Pregunta PSOE, rexistro entrada 01.07.2016 – 2016-E-RC-9948 sobre a ponte sobre o río Fondon no Camiño Real**, que se transcribe a continuación:

PREGUNTA:

“O grupo municipal de PsdeG-PSOE presentaba no pasado pleno do mes de



marzo unha moción para realizar o arranxo da ponte sobre o ría Fondón situada no Camiño Real. Pasaron varios meses e a situación segue igual pese a que o proxecto para esta ponte xa estaba realizado naquel momento.

PREGUNTA:

1. Cal é a situación deste proxecto e cando comezarán as obras de reparación da ponte?"

RESPOSTA: A concelleira AMOEDO DASILVA di que está o proxecto e pendente de contratación para continuar.

- **Rogo PSOE, rexistro entrada 01.07.2016 – 2016-E-RC-9949** sobre as colonias de gatos, que se transcribe a continuación:

ROGO:

“Diversos concellos como Barcelona, El Vendrell, Málaga, Mijas, Valencia, Zamora... teñen unha ordenanza para o control de colonias de gatos. Con estas ordenanzas preténdese dotas os alimentadores dun carné, que lles permita alimentar as colonias e lles obrigue a cumprir certas normativas. Deste xeito obtense unha constante vixilancia das colonias de gatos, tanto de CER (Capturar-Estirilizar-Retornar) e solucionando moitos problemas sanitarios que se poden orixinar nestas colonias.

ROGAMOS, ao señor Alcalde que faga a xestións oportunas para:

Estudar e iniciar os trámites para a realización dunha ordenanza reguladora para os alimentadores e controladores de colonias de gatos”

RESPOSTA: Alcalde sinala que este tema se levará á comisión de medio ambiente.

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e corenta minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-